

Beneficiarios: concellos ou mancomunidades	Contía concedida para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo
Oia	1.912 €
Muxía	4.200 €
Marín	2.100 €
Nigrán	2.100 €
A Coruña	7.200 €
Mancomunidad do Salnés	16.800 €
Ribadavia	13.300 €
A Pobra de Trives	3.600 €
Porqueira	4.700 €
Verín	2.100 €
Palas de Rei	2.327 €
Guitiriz	5.384 €
Rodeiro	6.100 €
Ordes	2.100 €
Lousame	2.600 €
Santa Comba	4.632 €
Cerceda	5.100 €
Padrón	1.200 €
Dodro	3.000 €
Vilamarín	3.500 €
Bande	1.200 €
O Carballiño	4.700 €
Xinzo de Limia	1.920 €
Baltar	2.600 €
Maceda	2.100 €
Piñor	3.000 €
Xermade	2.100 €
Tordoia	500 €
A Pontenova	1.809 €
Tomiño	4.200 €
Campo Lameiro	4.000 €
San Sadurniño	2.100 €
Ferrol	4.200 €
Sobrado	2.082 €
Rois	2.100 €
Teo	1.160 €
Camariñas	8.200 €
Laxe	2.253 €
Ares	6.100 €
Coristanco	4.678 €
A Veiga	2.600 €
Lugo	6.520 €
Covelo	2.600 €
Pontevedra	2.100 €

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 8 de outubro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das axudas para o fomento da utilización de maquinaria e equipamentos agrarios en réxime asociativo en Galicia convocadas pola Orde do 30 de decembro de 2008.

Pola Orde do 30 de decembro de 2008 establecéronse as bases e convocáronse para o ano 2009 as axudas para o fomento da utilización de maquinaria

e equipamentos agrarios en réxime asociativo en Galicia (DOG nº 5, do 8 de xaneiro de 2009).

No artigo 26º.-Financiamento, relativo ao financiamento destas axudas, detállanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para elas. Tendo en conta o elevado número e dimensión das solicitudes de axuda que se recibiron e a necesidade dun maior financiamento, cómpre ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente, coa finalidade de poder amparar as solicitudes de axuda presentadas, sempre que cumpran co establecido na orde desta consellería citada anteriormente.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 14 e 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase para o ano 2009 a dotación orzamentaria que se recolle na orde desta consellería, do 30 de decembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 5, do 8 de xaneiro de 2009), pola que se convocan para o ano 2009 as axudas para o fomento da utilización de maquinaria e equipamentos agrarios en réxime asociativo en Galicia, con cargo ás seguintes partidas orzamentarias:

Aplicación 49.02.712C.770.1, cofinanciada con fondos Feader, cunha taxa do 57,56%, por un importe de 546.002 €.

Aplicación 49.02.712C.770.3 por un importe de 938.670 € e aplicación 49.02.712C.770.1 por un importe de 354.050 €, dotadas con fondos finalistas do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na devandita Orde do 30 de decembro de 2008.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Resolución do 7 de outubro de 2009 pola que se convocan probas extraordinarias de selección de alumnos da sección de especialización da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) da promoción 2009-2011.

Resolución do 7 de outubro de 2009, da Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se convocan probas extraordinarias de selección de alum-

nos da sección de especialización da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) da promoción 2009-2011.

O Decreto 270/1997, do 18 de setembro, polo que se crea a Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia (DOG nº 191, do 3 de outubro), establece, dentro do funcionamento da Escola, a Sección de Especialización. Nesta sección preténdese achegar ao panorama dos estudos musicais na Comunidade Autónoma de Galicia a oportunidade de perfeccionamento instrumental dos novos e descoñecidos valores, como un medio para acadar un maior perfeccionamento nas súas distintas especialidades mediante a formación individualizada que facilite a súa integración profesional ao máis alto nivel.

Con esta finalidade, o Agadic convoca probas para a admisión e selección de alumnos, para a promoción 2009/2011 e conforme coas seguintes bases:

1. Consonte co Decreto 270/1997, do 18 de setembro, polo que se crea a Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia -no sucesivo EAEM-, e segundo se sinala no seu artigo 6, convócanse probas para elaborar listas na Sección de Especialización, para cubrir as prazas de alumnos activos dispoñibles, en función das posibilidades e necesidades da escola, nas seguintes especialidades:

Violín	Viola
Contrabaixo	Violonchelo

2. A escola manterá un mínimo de 30 prazas de alumnos activos. Unha vez realizadas as probas, para cubrir as posibles vacantes que teñan lugar, farase unha lista de espera por especialidades cos participantes nas probas de selección que, superadas as probas, non quedasen dentro dos 30 primeiros postos.

As listas de espera terán un período de validez dun curso académico. Todos os admitidos nas listas terán dereito á asistencia gratuíta ás clases e aos cursos maxistrais que organice a escola.

3. O programa terá unha duración total de dous anos, dividido en dous períodos anuais, desde o 1 de outubro de 2009 ata o 30 de xuño de 2011, segundo o calendario que se estableza por parte da dirección da escola. Excepcionalmente, poderase ampliar a un terceiro período.

Todos os alumnos activos deberán pasar un exame ao remate do primeiro ano, como requisito imprescindible para poder cursar o segundo. O tribunal de valoración desta proba será designado pola dirección do centro. Ao finalizar o segundo curso realizarase un exame final.

4. A condición de alumno da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, Sección de Especialización non implica ningún pagamento ou obriga por dereitos de matrícula ou similar.

5. As solicitudes desta convocatoria poderán presentarse, segundo o modelo anexo, ata o día 18 de novembro de 2009 no Rexistro do Agadic (rúa da Vesada, s/n, San Lázaro, CP 15703 de Santiago de Compostela) ou ben por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

régime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non se exixirá requisito previo de titulación. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI, NIF, NIE ou equivalente, orixinal ou debidamente compulsado.

-Currículo.

6. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, será publicada unha relación provisional de admitidos nos taboleiros de anuncios do Agadic e EAEM, así como na páxina web da axencia (www.agadic.info). Establecerase un prazo de 10 días hábiles para que os aspirantes emenden a falta de documentación preceptiva. De non proceder á emenda dentro do prazo sinalado, entenderanse desistidos da súa solicitude, sen prexuízo da obriga de ditar resolución en que se determine tal circunstancia, de conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. O tribunal que efectuará a selección dos candidatos estará constituído do xeito seguinte:

Presidente: o director da escola.

Vogais: o xefe de estudos da EAEM, o director xerente da Agadic e dous profesores da escola, seleccionados pola propia comisión técnica de acordo coas correspondentes especialidades. Actuará como secretario, con voz e sen voto, un membro do cadro de persoal administrativo da Agadic.

A composición do tribunal darase a coñecer no momento de publicarse as listas de aspirantes admitidos. O tribunal quedará validamente constituído coa asistencia de como mínimo a metade máis un dos seus membros e a asistencia do secretario.

Os membros do tribunal puntuarán globalmente a cada aspirante de 0 a 10, e a suma total será dividida polo número de asistentes á sesión, sendo o resultado final a puntuación definitiva.

8. As probas terán lugar do 12 ao 13 de decembro de 2009, ambos os dous incluídos, na Escola de Altos Estudos Musicais, sita na Finca Vista Alegre - rúa das Salvadas, s/n, Santiago de Compostela.

9. Contidos das probas.

-Violín:

1. Dous movementos dun concerto de Mozart ou dous movementos dunha partita de Bach.

2. Obra de libre elección.

-Viola:

Dúas obras de diferentes estilos, á libre elección do candidato.

-Contrabaixo:

1. Escala e arpexo de dúas ou tres oitavas na tonalidade da obra elixida no punto 3.

2. Un estudo de libre elección.

3. Dous movementos contrastados dunha sonata barroca ou un concerto clásico de libre elección.

-Violonchelo:

1. Dous movementos contrastados dunha das seis suites de Bach.

2. Estudo ou capricho para violonchelo solo de certa dificultade técnica.

3. Unha obra de libre elección.

O día 4 de decembro de 2009 serán expostos nos taboleiros de anuncios do Agadic e EAEM, así como na páxina web da Agadic os horarios das probas para cada un dos instrumentos. Os aspirantes deberán estar no lugar da proba media hora antes da súa convocatoria e co seu DNI/NIF/NIE.

No prazo de dez días desde o remate das probas, serán expostos no taboleiro de anuncios da Agadic e da EAEM, así como na páxina web da Agadic, os resultados das probas.

A resolución pola que se seleccionan os alumnos activos, así como a lista de espera, será ditada pola dirección da Agadic, e publicada na páxina web da axencia.

Os alumnos seleccionados como activos disporán dun prazo de dez días desde a publicación da resolución para o envío da seguinte documentación:

-Títulos incluídos no currículo ou certificación de estudos correspondente.

-Documentación acreditativa dos méritos.

-Unha fotografía tamaño carné.

Os alumnos que non envíen a documentación en prazo perderán os seus dereitos derivados da superación das probas, e serán chamados a cubrir as prazas vacantes as persoas que integren a lista de espera, por orde de puntuación, que terán, pola súa vez, un prazo de dez días para presentar esta documentación.

10. Os alumnos seleccionados como activos terán dereito a recibir clases individuais, clases de música de cámara, de práctica orquestral, clases teóricas, maxistras e cursos a cargo do profesorado estable ou convidado da escola.

11. A aceptación da praza obriga ao beneficiario ao cumprimento das seguintes obrigas:

a) Asistir ás clases e aos ensaios individuais e colectivos que figuren nos plans de estudos, cumprindo o horario e calendario fixados pola dirección da escola.

b) Formar parte das agrupacións que na escola se lle asignen.

c) Participar no programa de actuacións públicas para as que a escola sexa requirida, dentro do programa de formación práctica, sen que os alumnos reciban ningunha retribución. A dirección da escola seleccionará os alumnos que polos seus méritos académicos considere axeitados para o desenvolvemento do programa de actuacións públicas.

d) Comportarse coa disciplina e corrección debidas.

e) A aceptación de todas as demais obrigas que figuren no Regulamento de réxime interno da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia.

12. Serán causas de suspensión temporal ou definitiva da condición de alumno:

a) A renuncia expresa por parte do interesado.

b) O incumprimento das obrigas anteriormente establecidas e reflectidas no Regulamento de réxime interno da EAEM, en especial:

-Faltas de asistencia reiteradas por parte do alumno.

-Impuntualidade reiterada na asistencia ás clases, concertos, encontros de práctica orquestral ou outras obrigas que deba cumprir, na súa condición de alumno.

-Inasistencia inustificada (non autorizada ou non comunicada coa debida e suficiente antelación) aos encontros de práctica orquestral, que será considerada como falta moi grave e mesmo poderá ser causa de expulsión.

c) A non superación do exame ao remate do primeiro período anual.

A resolución de suspensión temporal ou definitiva será adoptada pola Comisión Técnica da EAEM.

13. Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a dirección da Agadic e, por delegación desta, a Comisión Técnica da EAEM, levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento das probas e demais actuacións que deriven destas bases.

Para realizar estas funcións, poderanse utilizar ou empregar cantos medios estean a disposición tanto da dirección desta axencia como da citada Comisión Técnica da Escola, para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta resolución e nas restantes normas vixentes que resulten de aplicación.

14. Esta convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela e da actuación do tribunal seleccionador poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/1992, do 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Esta resolución non pon fin á vía administrativa, e contra ela poderase interpoñer recurso de alzada ante o presidente do Consello de Dirección da Agadic, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

15. Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2009.

Juan Carlos Fernández Fasero
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

ANEXO

Formulario de inscrición

Sección de Especialización da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia
(Probas de admisión da convocatoria extraordinaria para a promoción 2009-2011).

Apelidos:

Nome:

DNI/NIF/NIE ou pasaporte:

Data de nacemento:

Lugar:

Domicilio:

Cidade: C.P.

Teléfono:

Instrumento:

Obras que interpretará nas probas:

Necesita pianista: Si Non

Documentación que se presenta -sinálese o que corresponda:-

Currículo (máximo quince liñas):

Certificado de estudos:

Diplomas de cursos realizados:

Fotocopia do DNI/NIF/NIE, pasaporte ou documento equivalente:

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 29 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.A. 541/2009, interposto por Xabier Bruña García.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu do Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.A. 541/2009, interposto por Xabier Bruña García, contra a resolución da Consellería de Facenda do 15 de xuño de 2009 pola que se desestima o recurso de alzada formulado contra a Resolución do 14 de abril de 2009, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de enxeñeiros de montes, pola que se fan públicos diversos acordos do tribunal relativos ao segundo exercicio da fase de oposición.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo ao referido xulgado. O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento,

que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos no Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela no prazo de nove días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 6 de outubro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 063 (oficial 1ª condutor/a//condutores/as 1ª e outros) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola quenda de acceso libre, pola que se fai pública a baremación definitiva da fase de concurso.

En sesións que tiveron lugar os días 24 de setembro e 6 de outubro de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 29 de outubro de 2008 para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 063 (oficial 1ª condutor/a//condutores/as 1ª e outros) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia polas quendas de promoción interna e cambio de categoría e acceso libre, modificada pola Orde do 24 de abril de 2009, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Facer pública, como anexo a esta resolución, e logo do estudo e desestimación de todas as alegacións formuladas polos aspirantes, a baremación definitiva da fase de concurso con indicación da puntuación obtida polos aspirantes en cada unha das epígrafes das bases da convocatoria da quenda de acceso libre.

Neste sentido modificouse de oficio a valoración da puntuación de Manuel Iglesias Alonso e de Xoán Vincenzo Ces Rodríguez, ao detectarse polo tribunal un erro nos respectivos anexos IV.

Segundo.-De conformidade co disposto nas citadas bases da convocatoria, contra esta resolución os interesados poderán formular recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2009.

Pedro Vila López
Presidente do tribunal